



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE DESIGNA A COMISIÓN DE VALORACIÓN DO CONCURSO ESPECÍFICO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO SINGULARIZADOS NAS OFICINAS FISCAIS DE GALICIA

De conformidade co artigo 526 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificado pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro; coa Resolución do 7 de novembro de 2022 pola que se modifica a relación de postos de traballo das oficinas fiscais da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia; co artigo 50 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro; e mais coa Resolución do 1 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso específico, de postos de traballo singularizados nas oficinas fiscais de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Designar os membros da comisión de valoración do concurso específico de méritos para a provisión de postos de traballo singularizados nas oficinas fiscais de Galicia, de conformidade coa base quinta da mencionada resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 1 de decembro de 2022 (DOG núm. 239, do 19 de decembro).

Comisión de valoración titular:

Presidenta:

- Verónica Tellado Barcia, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Vogais:

- Andrea Cal Muñiz, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.
- Cesar Domínguez Nocelo, funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa destinado na Dirección Xeral de Xustiza.

Secretaría:

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217





-Raquel Romero Iglesias, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Comisión de valoración suplente:

Presidente:

- Rafael Juanatey Mayán, funcionario do grupo A1 destinado na Dirección Xeral de Xustiza.

Vogais:

- Begoña de la Iglesia Lema, funcionaria do grupo A2 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

- Alejandro Fontela Pereira, funcionario do grupo A1 destinado no Servizo de Xustiza da Delegación Territorial de Lugo.

Secretaría:

- María Campoy de la Torre, funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

